

Publicado un artigo sobre subestándar eonaviego

El número 6 da *Revista de Linguas y Literaturas Catalana Gallega y Vasca* da Universidade Nacional de Educación á Distancia (UNED) trae como novidade un artigo sobre a cuestión normativa no tocante al galego de Asturias de Xavier Frías Conde

- 08:22 17/04/2000

El artigo en cuestión leva por título "A lingua galega en Asturias: o difícil camiño cara ao subestándar", e está dentro del número VI da dita publicación, correspondente al ano 1999, mais que vén de salir á luz recentemente.

No artigo faise un resumo á situación das comunidades lingüísticas minoritarias dentro doutras maiores (aínda que minoritarias tamén respecto da lingua oficial del Estado), como é el caso del catalán en Aragón ou del aranés en Cataluña; neste contexto cómpre inscribir a situación del galego eonaviego. Darreo pásase a explicar aqueles elementos lingüísticos característicos del eonaviego e que el faen ter uha personalidade propia dentro del corpus lingüístico galego.

Despois faise uha revisión del que se fexo até a data neste terrén na Terra Eo-Navia, destacando as Normas da MDGA e as da Consellería de Educación del Principado, que non chegaron a se distribuír. Sobre as primeiras, X. Frías fai uha serie de propostas de mellora que coinciden basicamente cōas que se faen desde el Colectivo Cotarelo Valledor (CCV), para marcar a palatalización con ou a chamada metafonía por antiga nasal con <ê> e <ô> e que, de feito, son as que se vein usando desde os seus inicios nesta sección eonaviega de Vieiros.

Al longo destas páxinas explícanse os conceptos de puntos máximos e mínimos al respecto del subestándar eonaviego, sendo os primeiros aqueles que se achegan máis al estándar del galego común e os segundos á fala eonaviega, mais que de feito deben ser perfectamente compatibles dentro duha proposta seria de subestándar. E tal subestándar, para Frías Conde, debe estar feito desde el estándar galego, mais atendendo á realidade del eonaviego, non baseándose no asturiano, posto que se trata dun sistema lingüístico vecín mais diferente.